

DECEMBRO 2022



# MADIALEVA


Escola DCA. Encontros. Saídas

Receitas. Atividades. Entrevistas

Boccia. Picnic. Manualidades



# Índice



01 | PROFESIONAIS:  
COÑECENDO A LAURA

02 | OS RAPACES  
CONTESTAN

03 | BOCCIA

04 | DE PICNIC EN BEGONTE

05 | ANTORCHA DOS JJ.OO



06 | EXPOSICIÓN SEMANA  
DCA

07 | VISITA O CENTRO DE  
AMADOR E BENEDICTA

08 | DIVERSIARTE

09 | ¡A PEQUE ORLA!

10 | ADACE CHEF DE NADAL

11 | ARTESANÍA

12 | ACTIVIDADES

13 | VIDEO DE NADAL 2022

14 | LOTERÍA. ELABORACIÓN  
E REDACTORES



# COÑECENDO A LAURA



Os rapaces entrevistando a Laura

## ¿Practicas algún deporte?

Agora mesmo non teño moito tempo pero cando o tiña gustábame xogar o tenis e o baloncesto.

## ¿Qué querías ser de pequena?

Cando era moi pequena quería ser artista, gustábame moito actuar, cantar, bailar... Logo quixen ser profesora. Daquelas descoñecía a fisioterapia ou para que servía, a verdade e que non foi a miña primeira opción pero sempre me chamou a atención o ámbito sanitario.



# COÑECENDO A LAURA



Laura contestando ás preguntas

## **¿En que consiste o teu traballo enfocado o DCA?**

Pois principalmente consiste en axudar a mobilidade dos usuarios centrándonos nas carencias que existen.

## **¿Crees que para exercer o teu traballo hai que estar en boa forma?**

Si. É importante ter boa forma física para traballar aínda que depende moito tamén da forma física do usuario e do apoio que exerza.

## **¿Que é o que máis che satisface do que fas por todos nós?**

Ver as pequenas melloras que se conseguen.



# OS RAPACES CONTESTAN



¿Qué farías se puideses facer calquer cousa sen consecuencias?

Roubar dous bancos, o primeiro, o de Adolfo Suárez (risas). *Alicia*



Se a túa vida fose unha película, ¿como se titularía?

"El antes y el después"

*Pilar*



Se puideses facer o que quixeras na vida ¿qué farías?

Viaxar gratis


*Óscar*



¿Cres que sería boa idea ler a mente das persoas?

Non. Porque non serías libre dos teus pensamentos.

*Dani*



¿Cal foi a combinación de comida máis extraña que probaches?

Comer o marisco con cáscara (risas).

*Cobas*



# BOCCIA

¿Quieres divertirte? ¡Deixa a tele e a consola e presta atención!

Os venres pola mañá e a tarde dos xoves temos o mellor plan.. ¡Xogamos a boccia! Unha actividade moi divertida na que con 6 bolas vermellas e azuis, xunto con outra branca, temos que intentar posicionalas o máis preto posible da bola branca.

En primeiro lugar temos que ver quen comeza a xogar, para isto, facemos un sorteo cunha moeda a cara ou cruz. O gañador empeza tirando a bola branca, posteriormente tira a bola vermella, que ten que quedar o máis preto posible. Acto seguido é o contricante o que lle toca tirar a bola azul. O seguinte en tirar é a persoa que este máis lonxe da branca e así sucesivamente. O gañador é a persoa que remate máis cerca da bola branca.

É unha actividade super divertida que nos gusta moito...vivímolos a tope e ademáis todos podemos participar.



# DE PICNIC EN BEGONTE



Para dar a benvinda o verán fomos a área recreativa de Begonte a comer e a pasar o día. Quedamos para xantar e comemos unha chea de cousas (tortilla, empanada de liscos, de atún, de carne, leite frito, cookies caseiras, biscoito, café con leite...).

Despois da sobremesa comezaron os xogos.

Primeiro fixemos unha actividade por parellas que consistía en suxeitar un globo sen as mans co obxectivo de que non tocasse o chan mentres chegabamos á meta. ¡Pasámolo moi ben!

A continuación, dividímonos en varios equipos para xogar ao noso propio "Furor". Había varias probas como, por exemplo, dicir unha palabra e seguir a canción, buscar cancións que levasen unha palabra en concreto, escoitar un anaquiño dunha canción e seguir cantando apostando cantas palabras saberíamos dicir...etc.

Para finalizar e repoñer forzas de novo comemos uns xeados riquísimos ao aire libre gozando do final da tarde. ¡Que ben o pasamos!





# ANTORCHA JJ.OO



Un día o noso compañeiro Dani trouxo o centro unha antorcha das olimpíadas de Barcelona do 92. Solicitouna cando era deportista en activo e para conseguila realizou un relevo en Lugo pola cidade ao redor da muralla.

Neste relevo participaron outros deportistas da cidade e de premio entregaronlle unha equipación oficial dos Xogos Olímpicos e a antorcha que vemos nas fotografías.

¡Que lembranza tan bonita!

# EXPOSICION DCA



## Algunhas fotos da exposición



## As autoridades visitan a nosa exposición

# AMADOR E BENEDICTA



Pola semana do DCA tivemos diferentes visitas e conexións en ADACE. Unha delas foi a de Amador e Benedicta actores da película “O que arde” dirixida por Oliver Laxe. Antes da visita preparámonos moi ben. Visualizamos todos xuntos a película e ademais preparamos unhas preguntas para facerlles.

O trato connosco foi moi bo, trouxéronnos unha foto da película cunha dedicatoria e contestaron amablemente a todas as preguntas que lles realizamos.

Como anécdota contáronnos que tiveron que formarse e examinarse para ter uns coñecementos básicos sobre como actuar nun incendio. Tamén destacaron que aproveitaron incendios reais para rodar determinadas escenas, aínda que na escena na que arde a casa queimaron unha fachada ficticia.

Foi unha experiencia moi agradable na que o tempo se nos pasou voando. Só nos queda darlles as grazas por compartir o seu tempo connosco.



# 🎄 DIVERSIARTE 🎄



Como todos os anos participamos no mercadillo solidario Diversiarte. Xunto con outras asociacións do ámbito social compartimos este espazo no que os cidadáns de Lugo poden coñecer o traballo que realizamos así como aportar o seu graniño de area adquirindo produtos elaborados por nós mesmos. Este ano celebrouse do 14 ao 18 de Decembro na Praza Horta do Seminario. ¡Xa estamos desexando voltar o ano que ven!

# A PEQUE ORLA



Laura



Pablo



Manu



Manuel.M




Alicia



Óscar



Balbina



Pilar



Pitusa



Dani



Pepe



Berta



# A PEQUE ORLA



Cobas



Loli



Marta



Lara




Juan



Susana



Nerea



Sabela




Laura



Elisa



Marisa



Iria





# ÁRBORE DE NADAL DE FOLLADO

## Ingredientes:

- 1 tableta de chocolate
- 1 follado
- Améndoas/noces
- 1 ovo para pintar

## Elaboración:

1. Prequentamos o forno a 180°C.
2. Estendemos o follado e colocamos no centro o chocolate.
3. Facemos cortes a ambos os dous lados en diagonal para facer a trenza.
4. Pechamos a trenza encima do chocolate.
5. Pintamos a trenza co ovo por encima.
6. Colocamos os froitos secos a elixir por encima do ovo.
7. Metemos ao forno aprox. uns 15 minutos.



# TURRÓN CASERO

## **Ingredientes:**

1 tableta de chocolate

1 follado

Améndoas/noces

1 ovo para pintar

## **Elaboración:**

Prequentamos o forno a 180°C.

Estendemos o follado e colocamos no centro o chocolate.

Facemos cortes a ambos os dous lados en diagonal para facer a trenza.

Pechamos a trenza encima do chocolate.

Pintamos a trenza co ovo por encima.

Colocamos os froitos secos a elixir por encima do ovo.

Metemos ao forno aprox. uns 15 minutos.






# Artesanía de Nadal




Mural xigante



Postales



# ACTIVIDADES CON SABOR A NADAL



I	F	F	J	V	O	C	O	C	I	Ñ	A	B	Q
T	I	B	G	H	D	N	A	D	W	R	N	R	R
L	Y	Y	J	X	Z	M	Z	A	E	T	O	F	D
M	C	F	F	Z	Q	C	M	X	M	A	F	D	R
R	Y	L	E	C	T	U	R	A	O	N	A	D	O
K	B	E	Y	E	F	R	E	N	O	L	N	E	O
P	A	N	X	O	L	I	Ñ	A	J	V	O	S	B
F	T	E	R	A	P	I	A	D	A	C	E	H	N
L	N	M	Q	K	P	A	S	E	A	R	Y	T	O
B	A	L	O	N	C	E	S	T	O	R	X	K	J
L	N	G	V	T	U	R	R	Ó	N	Q	M	J	Z
A	O	E	S	Q	S	Z	K	J	A	Y	V	K	E
E	L	N	M	I	D	L	F	L	H	G	M	W	W
W	A	C	P	M	N	E	V	E	G	G	Q	E	H

Atopa as seguintes palabras:

TERAPIA  
RENO  
BALONCESTO  
LECTURA  
TURRÓN

NEVE  
COCIÑA  
PASEAR  
PANXOLIÑA  
ADACE

VIDEO DE NADAL



¡FAI CLICK AQUÍ!



# A NOSA LOTERÍA...





# DURANTE A ELABORACIÓN DA REVISTA...



DIVERSIÓN



CREATIVIDADE



EQUIPO



# DURANTE LA ELABORACIÓN DE LA REVISTA...



EMPATÍA




ESFUERZO




APRENDIZAJE

PARA MÁIS  
INFORMACIÓN  
FAI CLICK



AVD. ADOLFO  
SUÁREZ Nº4  
BAJO LOCAL B.



**Adace  
Lugo**

